



ADMISIÓN CURSOS 2024/2025

Unha vez rematada a validación das reservas do alumnado adscrito ao IES Ordes, compróbase que **hai máis reservas que prazas ofertadas**.

Polo tanto, todo o alumnado debe participar no proceso de admisión, incluso o que xa fixera a reserva.

- O prazo de solicitude de admisión é de **1 a 20 de marzo**.
- Na solicitude indícaranse **ata 6 centros por orde de preferencia**.
- A solicitude pode presentarse **electronicamente ou presencialmente**, neste último caso, farase **no centro que se solicita en primeiro lugar**. **Acompañarase da documentación que acredite a puntuación do baremo**.
- A partir do 21 de marzo abrírase un prazo de 10 días hábiles para achegar a documentación que non fora entregada antes. (ata o 8 abril)
- O alumnado do centro adscrito ten prioridade sobre o resto.
- O alumnado que fixo a reserva noutro centro ten que renunciar a praza, antes do 28 de febreiro, para poder participar no proceso de admisión.
- As listaxes provisionais de admitidos e non admitidos publicaranse o 25 de abril
- Para reclamar ás listaxes provisionais haberá 5 días hábiles (ata o 3 de maio)
- Publicación das listaxes definitivas o 15 de maio. Poderán consultarse no centro ou en na web admisionalumnado con Chave 365 ou certificado dixital
- Matrícula do alumnado admitido do 24 de xuño ao 7 de xullo

CRITERIOS DE ADMISIÓN



ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- **IRMÁN OU IRMÁ MATRICULADOS NO CENTRO: 8 pt**

Polo segundo e seguintes: **2 pt** por cada un (máx 14 pt)

Documentación: Copia cotexada do libro de familia

- **PROXIMIDADE AO CENTRO DO DOMICILIO FAMILIAR OU DO LUGAR DE TRABALLO:**

NON SON ACUMULABLES

Domicilio familiar → antigüidade mínima dun ano con respecto ao inicio do prazo de presentación de solicitudes.

Se non se reúne o requisito da antigüidade, a persoa solicitante deberá acreditar o título que lexitime a ocupación da vivenda e a residencia real e efectiva nela.

👁️ **Separación ou divorcio: no caso de custodia compartida terase en conta o domicilio onde figure o/a alumno/a. No caso de custodia exclusiva aquel no que figure o proxenitor que ten a custodia.**

a) Área de influencia do centro: **8 pt**

b) Áreas limítrofes á área de influencia do centro: **4 pt**

Documentación: Padrón municipal cun ano mínimo de antigüidade no domicilio

Lugar de traballo → dirección concreta onde estea situado centro de traballo.

👁️ **Separación ou divorcio: no caso de custodia compartida podese optar polo lugar de traballo de calquera dos proxenitores. No caso de custodia exclusiva terase en conta o lugar de traballo do proxenitor que ten a custodia.**

a) Área de influencia do centro: **6 pt**

B) Áreas limítrofes á área de influencia do centro: **3 pt**

Documentación: Documento da empresa

- **RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR:** dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal anterior en 2 anos ao ano natural de presentación da solicitude entre o número de membros computables.

Renda da unidade familiar: resultado de sumar as rendas obtidas polos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos de calquera natureza.

a) Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: **3 puntos.**

b) Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: **2 puntos.**

c) Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM: **1 punto.**

d) Se é igual ou superior ao IPREM: **0 puntos.**



Documentación: Renda do exercicio 2022. É obrigatorio autorizar o cotexo dos datos coa administración tributaria

- **PERSOA PROXENITORA, TITORA OU ACOLLEDORA TRABALLADORA DO CENTRO DOCENTE: 3 pt**

O centro debe comprobar este criterio e incorporar a xustificación ao expediente.

- **FAMILIA NUMEROSA:**

a) Categoría especial: **3 pt**

b) Categoría xeral: **2 pt**

Documentación: Título de familia numerosa

- **ALUMNADO NADO DE PARTO MÚLTIPLE: 8 pt** si son dous e **10 pt** si son máis de dous.

Documentación: Libro de familia ou documentación do parto múltiple

- **FAMILIA MONOPARENTAL: 2 pt**

Documentación xustificativa

- **DISCAPACIDADE DE CALQUERA MEMBRO DA UNIDADE FAMILIAR:**

a) Alumno: **4pt**

b) Calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, ou o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora: **3 pt**

c) Calquera dos/as irmás ou irmáns: **1 pt por cada uno.**

Documentación: Certificados de discapacidade

- **CONDICIÓN DE VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO: 2 pt**

Documentación xustificativa

- **CONDICIÓN DE VÍTIMA DE TERRORISMO: 2 pt**

Documentación: Certificado de vítima de terrorismo

- **CRITERIO COMPLEMENTARIO: Ter avós residindo na zona de influencia: 1 pt**

Necesario presentar libro de familia que acredite a relación familiar e certificado de empadramento do avó ou avoa.



VACANTES PARA O CURSO 2024/2025

1º ESO	51
2º ESO	1
3º ESO	5
4º ESO	0
1º BAC CIENCIAS E TECNOLOXÍA	42
1º BAC HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	15
2º BAC CIENCIAS E TECNOLOXÍA	49
2º BAC HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	8